

BLOQUE 12. ESPAÑA EN EUROPA E NO MUNDO

TEMA 12: ESPAÑA NO ESCENARIO XEOPOLÍTICO:

- España na UE.
- España no mundo.

ESPAÑA NA U.E.

A INTEGRACIÓN ESPAÑOLA EN EUROPA

España ingresou na Europa comunitaria en 1986 (Tratado de Adhesión ás Comunidades Europeas, que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 1986), e tivo importantes consecuencias para España.

As consecuencias:

a. **No terreo político**, España reforzou o sistema democrático e o estado de dereito; rematou coa súa tradicional marxinación en Europa. Para Europa, a integración española consolidou a democracia no sur do continente; favoreceu as súas relacións exteriores con América Latina e cos países do sur do Mediterráneo; e colaborou á seguridade e defensa de Europa.

b. **No terreo económico**, no momento do seu ingreso, España presentaba un notable atraso respecto aos países comunitarios en PIB per cápita e competitividade económica e a súa taxa de paro duplicaba a europea. Nestas circunstancias, a adhesión á Europa comunitaria tivo consecuencias positivas e negativas:

- Puxo fin a décadas de illamento e de evolución económica diverxente e permitiulle a España acceder a un amplo mercado único. Pola súa banda, Europa incrementou as súas posibilidades de mercado e de investimento.

- Obrigou a España a realizar un grande esforzo para adaptar os seus sectores económicos ás políticas comunitarias e incrementar a súa modernización e competitividade. Paralelamente, Europa aumentou nun 30 % a súa produción e a súa poboación agraria; acrecentou certos excedentes agrarios e mitigou outros; ampliou a súa capacidade pesqueira; asumiu os problemas de competitividade e reestruturación dalgúns sectores industriais españois; e incrementou os desequilibrios rexionais ao incorporar un socio cun PIB per cápita moi inferior media comunitaria.

- España recibiu cuantiosas axudas económicas europeas para melloras estruturais, que favoreceron unha progresiva converxencia coa media comunitaria. Esta melloría tamén beneficiou os seus socios europeos en forma de incremento das exportacións e dos investimentos.

c. **No terreo social**, a incorporación a Europa colaborou á modernización social de España e á creación dun Estado do benestar, cun notable aumento das prestacións sociais e a universalización da sanidade e a educación. Para Europa, inicialmente supuxo un reto a incorporación dun socio con alta tradición de emigración europea.

d. **No terreo cultural**, a integración española favoreceu os intercambios culturais e científicos e a mobilidade das persoas para viaxar, facer turismo, e estudar.

A POSICIÓN ACTUAL DE ESPAÑA NA U.E.

a. A posición xeográfica e demográfica:

A localización xeográfica de España, no extremo suroeste do continente europeo, é claramente periférica respecto ao espazo central comunitario e acentuouse desde o ingreso de novos países no centro-leste de Europa. Pero, no contexto mundial, a súa situación xeoestratéxica nunha encrucillada de mares e continentes, favorece o seu papel de mediación entre a UE e os ámbitos atlántico e mediterráneo.

A súa superficie e poboación colocan a España como o segundo estado comunitario máis extenso, despois de Francia, e o quinto máis poboado, tras Alemaña, Reino Unido, Francia e Italia. Este feito repercute no número de deputados que ten España no Parlamento Europeo (54 de 751) e nos seus votos no Consello da Unión Europea (27 de 352).

b. A posición política:

-Na política interior europea, a posición española mídese por:

- A participación española no proceso de integración europea. España foi sempre un país europeísta e tratou de situarse no grupo de países máis influentes da Unión. O instrumento para conseguilo foi a celebración de cumios bilaterais anuais con Alemaña, Francia, Italia e Polonia para fixar ou achegar posicións nas principais negociacións sobre a construción europea.
- A participación española nas institucións europeas. A última reforma das institucións comunitarias restoulle cota de poder a España, que reduciu o seu número de parlamentarios e de votos no Consello da Unión Europea. Esta situación trata de compensarse coa ocupación de altos cargos europeos por personalidades españolas.

-En política internacional, o reto consiste en orientar as relacións europeas cara a cuestións que favorezan a España como por exemplo, a firma de acordos pesqueiros con países norteafricanos.

c. A posición socioeconómica:

- A posición económica de España na UE é intermedia entre os países máis avanzados de Europa noroccidental e os menos adiantados de Europa central e oriental.

Respecto aos países máis adiantados, o PIB de España é o quinto da UE. Pero a súa produtividade e competitividade é inferior aos países máis avanzados. Respecto aos países menos adiantados, os produtos industriais españois de tecnoloxía media e baixa sofren a competencia dos prezos máis baratos e da súa maior proximidade xeográfica ao centro da Unión. Ademais, estes países atraen novos investimentos comunitarios en prexuízo de España.

- No terreo social, as migracións e o turismo potenciaron a presenza española en Europa. Non obstante; respecto aos países europeos máis adiantados, a situación de España é desfavorable en canto a taxa de paro e en benestar social.
- No terreo económico, España trata de recuperar o crecemento e o emprego. Con este fin, a UE recomendoulle a España un novo modelo de crecemento, baseado no aumento en gasto en I+D+i, nun crecemento sostible baseado no uso racional dos recursos e no apoio ás pemes, e nun

crecemento integrador mediante a redución do abandono escolar e o aumento dos estudos superiores e mediante a loita contra a pobreza e a exclusión social.

ESPAÑA NO MUNDO

A posición mundial de España resulta da combinación da súa posición económica e política e, para melloralala, creouse a Marca España.

a. España nas áreas xeoeconómicas do mundo:

É considerada una potencia intermedia pero, cada vez, con máis peso internacional. No 2018 era a 13 economía do mundo e ocupaba o posto 26 en 2017 polo seu índice de desenvolvemento humano -IDH-. A crecente integración da economía española no ámbito mundial, é apreciable nos seguintes feitos:

- No grao de liberalización económica e de facilidade para o comercio.
- A presenza de empresas multinacionais españolas no exterior en sectores como o téxtil (Inditex), telecomunicacións (Movistar), enerxía (Iberdrola, Repsol YPF) e servizos financeiros (Banco Santander, BBVA); e no esforzo de internacionalización que están realizando moitas empresas españolas.
- O incremento do comercio exterior. En 2014, no comercio mundial de mercadorías, España ocupaba o posto 18 nas exportacións e o 16 nas importacións; e nos servizos, o posto 10 en exportacións e o 20 en importacións.
- O crecemento das relacións financeiras internacionais. España recibe e realiza un cuantioso investimento exterior. Así, en 2014, foi o 10º país do mundo polo investimento exterior directo recibido e o 12º en investimentos realizados, sobre todo en Latinoamérica, onde é a terceira investidora mundial.

b. España nas áreas xeopolíticas do mundo:

No contexto político mundial, España ten unha clara debilidade en canto ao poder duro pola súa reducida capacidade militar. Neste ámbito, destaca a súa pertenza á OTAN, á que achega medios e capacidades.

En cambio, a presenza española é maior en canto ao poder brando, debido ás razóns seguintes:

- A calidade institucional.
- A pertenza a numerosas institucións e organización internacionais (ONU, OCDE, OTAN, FMI, OMC, OMT, BM).
- A participación en diversos acordos internacionais relacionados co desarmamento, a non proliferación nuclear e a prohibición de armas químicas e biolóxicas; a defensa dos dereitos humanos e dos traballadores; e o desenvolvemento sostible.
- A colaboración con diversas ONG internacionais. Entre elas, Mans Unidas e Médicos Sen Fronteiras; Amnistía Internacional; Greenpeace, etc.
- A importancia dos fluxos humanos internacionais. Maníféstase nas elevadas cifras de turistas estranxeiros e de inmigrantes exteriores ata datas recentes.
- A presenza da cultura española no exterior. Apréciase na extensión do idioma español; o crecente protagonismo de personalidades españolas no campo científico e cultural; o rendemento español en competicións deportivas internacionais; a divulgación da cultura española por certos

organismos como o Instituto Cervantes; e a celebración de premios internacionais como o Princesa de Asturias e o Cervantes.

c. A Marca España:

É unha política de Estado para promover e mellorar a imaxe de España no interior e no exterior. A razón é que, nun mundo global, unha boa imaxe do país avala a súa posición en todos os ámbitos internacionais, pois contribúe a aumentar as exportacións, os investimentos estranxeiros, a internacionalización das empresas españolas e o turismo.

Para desenvolver esta política, levaranse a cabo una serie de accións como:

- Plans Anuais de Acción Exterior para promover a Marca España.
- Creación dunha páxina web con nome Marca España, que mostra as fortalezas do país en todos os ámbitos: humanos, políticos, económicos, e culturais e convérteno nun país atractivo para vivir, traballar, estudar, investir e visitar.